

COMITÉ DE SEGUIMIENTO DA SOSTIBILIDADE TURÍSTICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

REGULAMENTO INTERNO

PREÁMBULO

No marco do proxecto para a implantación dos indicadores ETIS (*European Tourism Indicator System*) e do modelo de xestión DTS (Destino Turístico Sustentable) no Xeoparque Cabo Ortegal, promovido pola Deputación Provincial da Coruña e financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU a través do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD), concíbese a creación dun **Comité de Seguimento da Sostibilidade turística e desenvolvemento local** (en diante, o “Comité”) para o Xeoparque Cabo Ortegal.

A misión deste Comité é liderar a implantación, avaliación e mellora continua do sistema de indicadores ETIS e do modelo de xestión de Destino Turístico Sustentable (DTS), garantindo unha gobernanza participativa e unha planificación baseada en datos obxectivos, que contribúan á mellora continua da sostibilidade turística e desenvolvemento local do territorio. Trátase dun instrumento técnico e de cooperación interinstitucional, chamado a reforzar a capacidade da **Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal** (entidade xestora do Xeoparque) para aplicar un modelo de xestión turística integral, transparente e aliñado cos principios da UNESCO.

A Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (en diante, a “Asociación”) está regulada polos **Estatutos** aprobados pola súa Asemblea Xeral, a 19 de febreiro de 2025. Segundo o recollido nestes Estatutos, a creación e integración do Comité dentro da estrutura da Asociación ten plena cabida desde o punto de vista normativo e funcional.

Os Estatutos establecen que a Asociación poderá crear estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para o cumprimento dos seus fins (art. 5.2.a). Así, o Comité configúrase como unha estrutura técnica complementaria aos órganos de goberno da Asociación —Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Presidencia —e da súa Oficina Técnica de Xestión (art. 23), sen modificar nin as súas atribucións nin a súa estrutura executiva e de goberno.

Os fins da Asociación (art. 5.1) inclúen a promoción do desenvolvemento sostible, o fomento do turismo responsable, a protección do patrimonio natural e cultural e a mellora da calidade turística; estando todos eles aliñados cos obxectivos do Comité.

Ademais, o presente Regulamento Interno do Comité de Seguimento da Sostibilidade turística e desenvolvemento local é plenamente conforme ao previsto no artigo 13.c dos Estatutos, que autoriza á Asemblea Xeral a aprobar este tipo de disposicións para o bo funcionamento da Asociación, sen necesidade de modificación estatutaria.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Naturaleza xurídica

1. O Comité de Seguimento da Sostibilidade turística e desenvolvemento local é un órgano técnico, asesor e de coordinación dependente da Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.
2. O Comité carece de personalidade xurídica propia, actuando sempre no marco e baixo a autoridade dos órganos de goberno da Asociación.
3. A súa creación e funcionamento réxense polo presente Regulamento, polos Estatutos da Asociación e, subsidiariamente, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 2. Obxectivo

O Comité ten por finalidade principal garantir o seguimento e avaliación continua dos niveis de sostibilidade turística e desenvolvemento local no territorio do Xeoparque Cabo Ortegal, mediante a aplicación do Sistema de Indicadores ETIS, contribuíndo á mellora da planificación, da toma de decisións e da xestión integral do destino en termos de sostibilidade.

Artigo 3. Principios de actuación

O Comité rexerase polos seguintes principios:

- a. Transparencia: Todas as actividades e decisións serán xestionadas de forma clara e accesible para todos os actores involucrados e para a comunidade en xeral.
- b. Colaboración: O Comité fomentará unha cultura de traballo en equipo, promovendo a cooperación entre os diferentes sectores e actores do Xeoparque.
- c. Sostibilidade: Todas as accións rexeranse polos principios de sostibilidade ambiental, social e económica, en coherencia cos estándares internacionais e a visión da UNESCO.
- d. Innovación e Mellora Continua: O Comité velará pola actualización e mellora dos sistemas de indicadores e xestión, adaptándose aos cambios e desafíos do territorio.

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

Artigo 4. Estructura

1. O Comité estrutúrase nas seguintes 4 seccións permanentes con presenza continua nas actividades do Comité, sempre de acordo coas súas funcións específicas estipuladas no artigo 8 deste Regulamento:
 - a) Presidencia
 - b) Secretaría Técnica
 - c) Representantes da Administración local
 - d) Comisión do Sector empresarial e asociativo local



2. De xeito puntual, poderá solicitarse o apoio doutras 2 seccións asesoras nalgunha das actividades desenvolvidas polo Comité, sempre de acordo coas súas funcións específicas definidas no artigo 8 deste Regulamento:

- a) Representantes da Administración supralocal
- b) Comisión técnica de expertos/as

Artigo 5. Composición

1. O Comité estará integrado por un máximo de 18 membros titulares.
2. A composición concreta das seccións permanentes será a seguinte:
 - Presidencia: o/a Presidente/a da Asociación para a Xestión do Xeoparque.
 - Secretaría Técnica: o/a Xerente da Oficina Técnica de Xestión da Asociación.
 - 1 representante de cada un dos sete concellos membros. Este representante coincidirá co/a representante da corporación municipal para a Asociación. Un dos representantes das corporacións municipais ostentará tamén a presidencia do Comité, tendo un único voto. Xunto con este representante, a Corporación definirá un Técnico/a municipal de enlace para o Comité.
 - 2 representantes do sector empresarial turístico local. Os técnicos/as municipais que actuarán de enlace co Comité serán propostos por cada Concello a través do Acordo de adhesión (Anexo 1 deste regulamento).
 - 2 representantes das Entidades Amigas do Xeoparque Cabo Ortegal.
3. A composición concreta das seccións asesoras será a seguinte:
 - o Representantes da Administración supralocal
 - 1 representante da Deputación da Coruña.
 - 1 representante da Xunta de Galicia, preferentemente da D. X. de Patrimonio Natural.
 - 1 representante da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, como entidade xestora do Xeodestino Ferrolterra, do que na actualidade forma parte o territorio
 - o Comisión técnica de expertos/as
 - 1 Representante académico, especializada/o en áreas relevantes para o Xeoparque
 - 1 Xeólogo/a con experiencia en áreas protexidas ou Xeoparques.
4. A designación dos membros permanentes efectuarase mediante acordo formal de adhesión das entidades ou profesionais participantes, comunicado á Secretaría Técnica, segundo os anexos 1, 2 e 3 deste Regulamento.
5. Poderán convidarse a participar, con voz pero sen voto, outras entidades colaboradoras ou observadores en función dos asuntos tratados.

Artigo 6. Duración do mandato

Os membros permanentes do Comité exercerán o seu mandato por un período máximo de dous (2) anos, coincidindo ca duración do seu mandato na Asociación para a Xestión do Xeoparque. O mandato será renovable, podendo cesar antes por renuncia, substitución pola entidade representada ou revogación da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO III. FUNCÍONS DO COMITÉ

Artigo 7. Funcións xerais

Son funcións do Comité:

- a) Supervisar e validar a implantación e evolución do sistema de indicadores ETIS.
- b) Avaliar periodicamente o nivel de sostibilidade turística e desenvolvemento local do Xeoparque a través do sistema ETIS.
- c) Propoñer medidas preventivas ou correctoras derivadas dos resultados dos indicadores.
- d) Facilitar a coordinación entre administracións, entidades privadas e comunidade científica.
- e) Emitir informes técnicos e recomendacións á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.
- f) Promover accións de divulgación, participación e transparencia sobre a sostibilidade turística e desenvolvemento local.

Artigo 8. Funcións específicas das seccións

1. Presidencia:

- Representar institucionalmente ao Comité.
- Convocar e presidir as sesións.
- Velar polo cumprimento dos acordos.

2. Secretaría Técnica:

- Xestionar a convocatoria, documentación e actas das reunións.
- Coordinar a recollida e análise dos datos ETIS a través de informes.
- Asistir tecnicamente á Presidencia e ás entidades membro.

3. Representantes da Administración local:

- Facilitar datos e participar no seguimento do sistema ETIS.
- Trasladar acordos aos seus municipios.

4. Representantes da Administración supralocal:

- Asesorar en materia técnica e científica.
- Validar metodoloxías e resultados dos indicadores.

5. Comisión técnica de expertos/as:

- Asesorar en materia técnica e científica.
- Validar metodoloxías e resultados dos indicadores.

6. Comisión do sector empresarial e asociativo local:

- Aportar a visión do tecido turístico e asociativo local.
- Colaborar na difusión e aplicación das boas prácticas de sostibilidade.

CAPÍTULO IV. RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 9. Reunións

1. O Comité reunirse como mínimo dúas veces ao ano con carácter ordinario, e cantas veces sexa necesario con carácter extraordinario.
2. As convocatorias serán remitidas pola Secretaría Técnica con quince días naturais de antelación, indicando orde do día, lugar e documentación de apoio.
3. Poderán celebrarse reunións presenciais ou telemáticas.
4. O quórum constitutivo requirirá a presenza da Presidencia e da metade máis un dos membros con dereito a voto.

Artigo 10. Acordos e votacións

1. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes con dereito a voto. Todos os membros titulares do Comité terán dereito a voto, excepto o Secretario/a.
2. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.
3. As actas das sesións serán redactadas pola Secretaría Técnica, aprobadas na seguinte reunión e arquivadas na Oficina Técnica de Xestión.

Artigo 11. Grupos de traballo

O Comité poderá constituír grupos de traballo temáticos para o seguimento de indicadores específicos, coordinados pola Secretaría Técnica e con participación de entidades membro.

CAPÍTULO V. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS PERMANENTES

Artigo 12. Dereitos

Os membros do Comité teñen dereito a:

- a) Participar con voz e voto nas sesións.
- b) Propoñer iniciativas e recomendacións.
- c) Acceder á información técnica e documental.
- d) Recibir a convocatoria e actas das reunións.

Artigo 13. Deberes

Son deberes dos membros:

- e) Participar activamente na recopilación dos datos precisos para o sistema ETIS.
- f) Asistir ás reunións e participar activamente nas tarefas do Comité.
- g) Respetar e cumprir os acordos adoptados.
- h) Manter a confidencialidade da información manexada.
- i) Actuar con obxectividade, neutralidade e en defensa dos fins do Xeoparque.

CAPÍTULO VI. COORDINACIÓN COS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14. Dependencia funcional

- 1. O Comité depende directamente da Presidencia da Asociación, que é tamén a Presidencia do Comité.
- 2. A Secretaría Técnica está adscrita á Oficina Técnica de Xestión, que exercerá as funcións administrativas e de apoio técnico.
- 3. O Comité manterá comunicación regular coa Xunta Directiva, á que elevará informes, propostas e recomendacións.

Artigo 15. Relación coa Asemblea Xeral

- 1. O Comité presentará un informe anual de resultados á Asemblea Xeral da Asociación, que o avaliará e, de ser o caso, poderá formular mandatos específicos.
- 2. A Asemblea poderá modificar este Regulamento ou disolver o Comité por maioría simple.

CAPÍTULO VII. REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO

Artigo 16. Revisión

O Regulamento poderá ser revisado cada catro anos ou cando así o acorde o Comité por maioría absoluta, elevándose a proposta á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

O Comité de Seguimento créase inicialmente no marco do proxecto “Implantación dos indicadores ETIS e do modelo de xestión DTS no Xeoparque Cabo Ortegal”, financiado pola Deputación da Coruña no contexto do Plan de Sostibilidade turística e desenvolvemento local en Destino (PSTD) e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia – NextGenerationEU. Non obstante, o Comité consolídase, mediante o presente Regulamento, como órgano técnico estable e permanente da Asociación, con validez máis alá da duración dese proxecto específico.

PSTD Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal.

Acción promovida pola Deputación da Coruña e financiada pola UE - Fondos NG EU.



DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte á súa aprobación pola Asemblea Xeral da Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal e publicárase no repositorio documental interno da Asociación.

ANEXO 1. ACORDO DE ADHESIÓN AO COMITÉ DE SEGUIMENTO DA SOSTIBILIDADE TURÍSTICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

CONCELLO DE _____

O Concello de [nome do concello], representado polo/a alcalde/sa D./Dª _____, no exercicio das súas competencias e en virtude do acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión de data ____/____/____,

ACORDA:

1. **Adherirse formalmente** ao **Comité de Seguimento da Sostibilidade turística e desenvolvemento local do Xeoparque Cabo Ortegal**, regulado polo correspondente Regulamento Interno aprobado pola Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.
2. **Designar como representante** do Concello no Comité a:
 - Nome e apelidos: _____
 - Cargo: _____
 - DNI: _____
3. **Nomear como técnico/a de enlace municipal** para a coordinación operativa co Comité e coa Secretaría Técnica da Asociación a:
 - Nome e apelidos: _____
 - Cargo ou área municipal: _____
 - Teléfono: _____
 - Correo electrónico: _____
4. Comprometerse a **participar activamente** nas reunións e actividades do Comité, contribuíndo á recollida, análise e validación dos datos vinculados ao sistema de indicadores ETIS.
5. Notificar o presente acordo á **Secretaría Técnica do Comité**, adscrita á **Oficina Técnica de Xestión da Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal**, para a súa inscrición e validación.

En _____, a ____ de _____ de 2025

Asdo.:

D./Dª [Nome do Alcalde/sa]

Alcalde/sa do Concello de [Nome do Concello]

ANEXO 2. ACORDO DE ADHESIÓN AO COMITÉ DE SEGUIMENTO DA SOSTIBILIDADE TURÍSTICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

ENTIDADE: _____

A entidade [nome da entidade], representada por D./D^a
_____, con NIF _____, e domicilio social en
_____,

ACORDA:

1. **Adherirse formalmente ao Comité de Seguimento da Sostibilidade turística e desenvolvemento local do Xeoparque do Cabo Ortegal**, regulado polo correspondente Regulamento Interno aprobado pola Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.
2. **Designar como representante no Comité a:**
 - Nome e apelidos: _____
 - Cargo: _____
 - DNI: _____
3. Comprometerse a **participar activamente** nas reunións e actividades do Comité.
4. Notificar o presente acordo á **Secretaría Técnica do Comité**, adscrita á **Oficina Técnica de Xestión da Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal**, para a súa inscrición e validación.

En _____, a ____ de _____ de 2025

Asdo.:

D./D^a

ANEXO 3. ACORDO DE ADHESIÓN AO COMITÉ DE SEGUIMENTO DA SOSTIBILIDADE TURÍSTICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

D./D^a _____, con DNI _____,
domiciliado/a en _____,

MANIFESTA:

1. O seu interese en adherirse voluntariamente ao Comité de Seguimento da Sostibilidade Turística do Xeoparque Cabo Ortegal, conforme ao Regulamento Interno aprobado pola Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.
2. Participar a título individual, en condición de membro colaborador/a, achegando a súa experiencia profesional nas áreas de _____, e contribuíndo ao seguimento e mellora dos indicadores de sostibilidade turística.
3. Comprometerse a asistir ás reunións e actividades do Comité, respectar os acordos adoptados e manter a confidencialidade da información técnica manexada.

En _____, a _____ de _____ de 2025

Asdo.:

D./D^a